



Estimado/a amigo/a:

A Comisión Europea, o Banco Europeo de Investimentos (BEI) e o Fondo Europeo de Investimentos (FEI) veñen de lanzar recentemente unha nova xeración de instrumentos financeiros e de servizos de asesoramento que poden ser de interese para as empresas innovadoras galegas na medida en que facilitan o acceso a financiamento. Esta nova xeración de produtos coñecida como **“Financiamento da UE para os innovadores-InnovFin”**, ten previsto investir máis de 24.000 millóns de euros no periodo 2014-2020 para investigación e innovación (I+I) de pequenas, medianas e grandes empresas e promotores de infraestruturas de investigación.

Este programa consiste nunha gama de produtos a medida, dende garantías para os intermediarios que conceden préstamos ás empresas até préstamos directos ás mesmas, a fin de respaldar os proxectos de I+I, dos máis modestos aos máis ambiciosos, que se desenvolvan no seo da UE ou dos países asociados ao programa Horizonte 2020. Está previsto ademais que estes instrumentos se completen co investimento do FEI en fondos de capital risco para facilitar capital a empresas de nova creación e empresas de crecemento rápido.

A continuación resumimos os produtos InnovFin:

- **Grandes proxectos InnovFin:** Trátase de préstamos, comprendidos entre 7,5 e 300 millóns de euros, que perseguen mellorar o acceso ao financiamento de risco para proxectos de I+I de grandes empresas e de grandes e medianas midcaps (empresas de capitalización media), universidades e institutos de investigación, infraestruturas de I+I, asociacións público-privadas e entidades ou proxectos con fins específicos. Estes préstamos son concedidos directamente polo BEI.
- **Financiamento InnovFin para Midcaps:** Préstamos ou garantías privilexiados ou subordinados, co fin de mellorar o acceso a financiamento principalmente para as grandes empresas innovadoras de capitalización media (ata 3.000 empregados), así como para as pequenas e medianas empresas e as pequenas empresas de capitalización media. Os préstamos oscilan entre os 7,5 e os 25 millóns de euros e serán concedidos directamente polo BEI.
- **Garantía InnovFin para empresas de capitalización media:** Son garantías ou préstamos continxentes, de entre 7,5 e 25 millóns de euros, co fin de mellorar o acceso a

financiamento, especialmente para as grandes midcpas innovadoras (ata 3.000 empregados). Este produto está xestionado polo BEI e facilitarase a través de intermediarios financeiros (bancos e institucións financeiras).

- **Garantía InnovFin para as PEME:** Ofrece garantías e contragarantías sobre o financiamento da débeda, por un importe de 25.000 euros a 7,5 millóns de euros, co obxectivo de mellorar o acceso a financiamento mediante préstamos a PEMES innovadoras e a pequenas midcaps (ata 499 empregados). Será executado polo FEI e despregarase a través de intermediarios financeiros.
- **Servizos de Asesoramento InnovFin:** Trátase dun servizo ofrecido polo BEI por un importe de até 28 millóns de euros e que ten como obxectivo mellorar as posibilidades de financiamento bancario e a preparación para o investimento de grandes proxectos que requiren investimentos substanciais a longo prazo. Ademais, ofrece asesoramento para mellorar as condicións de acceso a financiamento risco para I+I. Neste caso, os clientes previstos son os promotores de grandes proxectos de I+I que responden á prioridade “Retos sociais” de Horizonte 2020.

Podes obter máis información sobre estes produtos na web de [Horizonte 2020](#), no [portal de acceso a financiamento da UE](#) e nas webs do [Banco Europeo de Investimentos](#) e do [Fondo Europeo de Investimentos](#) así como tamén na propia [nota de prensa](#).

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até setembro, xa que deixaremos de enviar este boletín durante o mes de agosto.

Bo verán!



Se non desexa recibir este boletín pode vostede darse de baixa enviando un mail a [informa.gain@xunta.es](mailto:informa.gain@xunta.es) dende a conta na que desexe anular a suscripción.